

Lenda de Papá Noel



coloringpagesfun.com



Papá Noel

A lenda que coñecemos hoxe, procede dunha persoa real chamada **San Nicolás** do cal sabemos que viviu no ano 300 D.C. Foi **bispo de Myra**, situada no que hoxe é Turquía.

Segundo conta a lenda era só un neno cando chegou a ser Bispo. Era moi bo e amable, con frecuencia saía polas noites a **repartir agasallos** aos máis desfavorecidos do pobo.

Despois da súa morte, a súa fama entendeu-se por todo o resto de Europa, e durante a Idade Media, San Nicolás chegou a ser o patrón dos estudantes. **Moitos estudantes celebraban o seu santo o día 6 de decembro**, día no que finou. Elixían un alumno, vestíanlo con roupas de Bispo e presidía o desfile por toda a cidade. Co paso

do tempo o desfile deixouse de celebrar, pero San Nicolás quedou como favorito dos nenos.

A crenza de que **entra pola cheminea** ven dunha lenda escandinava que dicía que unha deusa aparecía na cheminea e traía boa sorte aos da casa.

A Papá Noel representámono nun trineo tirado por renos porque nunha manada de renos naceu un cun focinho moi grande e vermello que non foi aceptado polos demais e tivo que marchar do bosque. Ao ver isto, Papá Noel, levouno para a súa terra e dende ese día axúdalle a levar o trineo e aluméalle o camiño as noites de Nadal, pois o focinho ao pórsele vermello despide unha luminaria que alumea o camiño coma se fose de día.



